PARLAMENTO DE GALICIA

ACTIVIDADE TRATAMENTO:

29. SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN

RESPONSABLE

Parlamento de Galicia.

http:// www.parlamentodegalicia.gal

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, Dª María Aneiros González

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: **dpd@parlamentodegalicia.gal**

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal (art. 6.1.c. do RXPD).

Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción

FINS

Rexistrar e tramitar as denuncias formuladas polos empregados públicos do Parlamento de Galicia e demais persoas que teñan relación directa ou indirecta con

el (provedores, prestadores de servizos externos, bolseiros, etc) sobre posibles infraccións do Dereito da Unión cometidas polo Parlamento de Galicia ou o seu persoal, relativas a as materias previstas no artigo 2.1 da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, de protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión ou que poidan constituír unha infracción penal ou impliquen a materialización dun risco de tal natureza.

CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Empregados públicos do Parlamento de Galicia e demais persoas que teñan relación directa ou indirecta con el..

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Nome e apelidos e outros posibles datos persoais que resulten d os feitos denunciados, incluíndo os datos de especial categoría.

Enderezo electrónico.

DESTINATARIOS

Os datos de carácter persoal son tratados polo Parlamento de Galicia e polo responsable do sistema interno de información.

Outros destinatarios: Consello de Contas, órganos xudiciais e ministerio fiscal.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Conservaranse os datos polo tempo necesario para a tramitación e resolución da denuncia formulada. Se a denuncia resulta infrutuosa, transcorridos tres meses desde o seu arquivo será suprimida do sistema de denuncias , salvo que a finalidade

da conservación sexa deixar evidencia do funcionamento da canle de denuncias e, nese caso, os datos serán anonimizados.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguranza.

Responsable de seguridade TIC: Oficialia Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme ao disposto na normativa interna de aplicación: "Política de Seguridade da Información do Parlamento de Galicia".